



ACTA NÚM. 4

ACTA DO TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL PARA A CAMPAÑA DE VERÁN APROBADA POR DECRETO DE ALCALDÍA 283/2017.

En Bergondo, a 11 de maio de 2017, sendo as 12:30 horas, reúnen-se no Salón de Plenos do Concello de Bergondo os/as señores/as integrantes do Tribunal cualificador constituído para valorar as probas selectivas das/os aspirantes ás dúas prazas de AUXILIAR DE POLICÍAS LOCAIS deste concello mediante o procedemento de oposición libre, segundo as bases reguladoras desta Convocatoria, aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 283/2017, do 31 de marzo.

Está constituído o Tribunal na seguinte forma:

PRESIDENTE

D. Agustín Rodríguez Saavedra, Oficial-Xefe da policía local do Concello de Bergondo

SECRETARIA:

Dna. Ana María Cacharrón Castelos, Secretaria do Concello de Bergondo.

VOGAIS:

D. José Pérez Louro, policía local do Concello de Bergondo.

Dna. Laura Gutiérrez Ortiz, Interventora do Concello de Bergondo.

Dna. Sandra María Anido Freire, auxiliar administrativa do Concello de Bergondo.

O Tribunal ten á súa disposición o expediente completo con todos os antecedentes necesarios e no que constan, entre outros, a acta núm. 3 das actuacións do Tribunal seleccionador, na que se recolle, que diante do empate en todos os exercicios da oposición na segunda maior puntuación, e a falta de previsión nas bases da convocatoria, considerando que este Tribunal non pode declarar aprobados un maior número que prazas convocadas, por unanimidade, establécese a súa resolución, por sorteo, ao consideralo un sistema obxectivo. Para o que se convoca sorteo público, que se celebrará **o día 11 de maio de 2017, ás 12:30 horas**, no salón de plenos da Casa do Concello de Bergondo. Sinalando como normas do sorteo: O sorteo efectuarase por insaculación. Nun recipiente opaco introducíranse os nomes dos dous aspirantes empatados a puntuación. Extraerase un nome do recipiente, correspondéndolle a esta persoa o segundo posto na orde de calificación total do proceso de selección. Á persoa cuxo nome non sexa elixido, ocupará o terceiro posto no devandito proceso.

O Sr. Presidente declara aberto o acto. Ás 12:31 horas, procédese á apertura pública do acto, asistindo os aspirantes Martín Castro Rey e Francisco José Boado Sánchez.

Informa a secretaria que don Martín Castro Rey, ten interposto un recurso de reposición, con núm. rexistro de entrada 3508/2017, do 11 de maio, contra o acordo do tribunal cualificador de acudir ao sistema de sorteo para resolver o empate a puntuación en todos os exercicios do proceso de selección, polo que o Tribunal, anuncia a suspensión do sorteo público convocado para solventar tal empate, en tanto non se resolva o recurso interposto.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O Tribunal á vista do actuado, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Suspensión do sorteo público convocado para solventar o empate en todos os exercicios da oposición na segunda maior puntuación entre os aspirantes Martín Castro Rey e Francisco José Boado Sánchez, en tanto non se resolva o recurso interposto polo primeiro deles.

SEGUNDO. - Consonte coa declaración deste Tribunal na acta do 10.05.2017, declarar que D. Jorge Manuel Martínez Niebla, con dni 32679053D, aspirante aprobado, está exento da realización do cuarto exercicio por constar a documentación xustificativa da Base específica terceira, exercicio cuarto.

TERCEIRO. Propoñer á alcaldía-presidencia o nomeamento como auxiliar de policía local do Concello de Bergondo, adscrito ao Corpo da Policía Local, D. Jorge Manuel Martínez Niebla, con DNI 32679053D, nos termos previstos nas bases da convocatoria e previa acreditación da superación do curso de auxiliar de policía local na convocatoria da Academia Galega de Seguridade.

CUARTO. O aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de dous (2) días naturais dende que se faga público este acordo, os documentos indicados na Base 9ª das Bases da convocatoria (BOP nº 66 do 06.04.2017)

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma ás 12:35 horas, redactándose a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Dou fe.

O Presidente

Os/as Vogais

A Secretaria